

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTECINCO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e once minutos do día vinte cinco de febreiro de dous mil vinte e un, reúnese en primeira convocatoria a Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria correspondente a este día. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Subín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa (sistema videoconferencia).

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro (sistema videoconferencia) e do interventor do Concello don Manuel Larrosa Rodríguez; sesión que se adoptan os acordos seguintes:

### Orde do Día

#### PARTE RESOLUTIVA

#### 1º.- EXPEDIENTE DE URBANISMO

##### - Licenza de parcelación de finca

#### PROPOSTA DE ALCALDÍA

“-Expte 01/2020.- DOLORES FERREIRA HERMIDA.- Para a licenza de parcelación de finca con referencia catastral nº 15088A501006800000G [redacted] do Pazo, parroquia [redacted] Valdoviño e clasificado como: **SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AISLADA en una superficie de 2.049 m<sup>2</sup>.**

Resultando as parcelas seguintes:

\* Finca Resultante FR-01. Superficie: 1.045 m<sup>2</sup>, (sup. neta parcela: 918 m<sup>2</sup>), no núcleo rural. (ver plano nº P02 do proxecto)

\* Finca Resultante FR-02-RFM. Superficie: 1.003 m<sup>2</sup>, (sup. neta parcel:929 m<sup>2</sup>), no núcleo rural, (ver plano nº PO2 do proxecto)

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente e que é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 18 de febreiro de 2021 en sentido **FAVORABLE**.

Esta Alcaldía en uso das competencias atribuídas pola lei 7/1985 de 02 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Conceder a peticionaria Dolores Ferreira Hermida a licenza de parcelación de [redacted] parroquia de [redacted] Valdoviño.

**Segundo.-**As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Antonio Piñeiro Conchado e a técnica superior en topografía e urbanismo Paula Freire Dopico de data 27 de setembro de 2020 e ás condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1:CONDICIONS DA LICENZA ) de data 18 de febreiro de 2021, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor en expediente de debida forma , xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.- APROBAR** a liquidación provisional das obras: Taxas 26,86 € .  
En Valdoviño, 24 de febreiro de 2021.  
O alcalde,  
Asinado/Alberto González Fernández”

**A Xunta de Goberno Local aprobou, en votación ordinaria e por unanimidade, a licenza de parcelación de finca anteriormente transcrita.**

**2º-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: “PROXECTO DE MELLORA NO SANEAMENTO EN LAGO”**

**2º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: PROXECTO DE MELLORA NO SANEAMENTO DE LAGO.-**  
**Expte.- 2020/C003/000003**

A Xunta de Goberno Local de data 01.10.20, aprobou expediente de contratación e comezo de adjudicación da obra: “Proxecto de mellora no saneamento de Lago”; incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+2020) e financiada ao 100% pola Deputación Provincial.

Proxecto redatado por José Manuel Saavedra Pantín, arquitecto técnico Colexiado 978 COAATAC. Importe total proxecto: 64.443,33 euros (IVE incluído); IVE: 11.531,49€; prezo sen IVE: 54.911,84€.

Realizada a publicación da licitación na Plataforma de Contratos do Estado onde se aloxa o perfil do contratante, presentadas as ofertas, en sesión de 26.10.20 a Mesa de Contratación abriu e examinou a documentación do sobre “A”, resultando que das empresas presentadas requeriuse a tres delas presentación de documentación. Na sesión da Mesa de Contratación de 13 de novembro/2020 examinouse a documentación administrativa requirida e aportada, resultando finalmente que todas as empresas licitadoras presentaron a documentación completa e correcta, quedando admitidas na licitación.

Tamén en sesión de data 13.11.20, a Mesa de Contratación celebra sesión para apertura das ofertas económicas, contidas no sobre “C”, e procede á valoración das ofertas, co Programa de Valoración de Ofertas da Deputación Provincial da Coruña, empregando como prezo de licitación a cantidade do proxecto sen IVE: 54.911,84 euros, resultando:

CIF: B70033261 ARQUITECTURA REHABILITACION MADEIRA E  
CONSTRUCCION SL:

- 100% prezo . Valor introducido polo licitador: 49364.0 .- Baixa (%): 10,10.- Puntuación: 47,13

CIF: B15840861 BCNOR Gestion y Soluciones Avanzadas S.L

- 100% prezo Valor introducido polo licitador: 49449.2.- Baixa (%): 9,95.- Puntuación:46,43

CIF: b32139784 CONSTRUCCIONES DALAMA S.L. :

- 100% prezo Valor introducido polo licitador: 47938.04 .- Baixa (%): 12,70.- Puntuación: 59,27

CIF: B15677024 ELECTRICIDAD PERMUY S.L.:

- 100% prezo Valor introducido polo licitador: 44478.59 .- Baixa (%): 19,00%)- Puntuación: 82,00

CIF: B15590581 ESQUEIRO, S.L.:

- 100% prezo Valor introducido polo licitador: 48189.16 .- Baixa (%): 12,24.- Puntuación: 57,12

CIF: B15164106 EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L.:

- 100% prezo Valor introducido por el licitador: 42727.27 .- Baixa (%): 22,19 (Temeraria).- Puntuación: 91,57

CIF: B15480403 OCISAT, S.L.:

- 100% prezo Valor introducido polo licitador: 41738.48 .- Baixa (%): 23,99 (Temeraria) .- Puntuación: 96,97

CIF: B15120876 T Y C CANOSA, S.L.:

- 100% prezo Valor introducido polo licitador: 52303.53 .- Baixa (%): 4,75.- Puntuación: 22,17

CIF: B70446182 URESPA PROYECTOS Y OBRAS, S.L.:

- 100% prezo Valor introducido polo licitador: 47224.19.- Baixa (%): 14,00.- Puntuación: 65,33

CIF: A66141185 VIAQUA Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.:

- 100% prezo Valor introducido polo licitador: 41875.77.- Baixa (%): 23,74 (Temeraría).- Puntuación: 96,22

Vista a táboa de resultados da valoración descrita do Programa da Deputación, observase a existencia de baixa temeraria na oferta de:

CIF: B15164106 EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L.:

Prezo : 42727.27 .- Baixa (%): 22,19 (Temeraria).- Puntuación: 91,57

CIF: B15480403 OCISAT, S.L.:

Prezo: 41738.48 .- Baixa (%): 23,99 (Temeraria) .- Puntuación: 96,97

CIF: A66141185 VIAQUA Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.:

Prezo: 41875.77.- Baixa (%): 23,74 (Temeraría).- Puntuación: 96,22

De conformidade co estipulado no punto 15.4 dos pregos tipo de cláusulas administrativas particulares que rexen para a contratación mediante procedemento aberto (cun único criterio de adxudicación, factor prezo), das obras comprendidas nos plans provinciais,

A MESA por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

- EFECTUAR REQUERIMENTO ás empresas incursoa en baixa temeraria

CIF: B15164106 EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L.:

CIF: B15480403 OCISAT, S.L.:

CIF: A66141185 VIAQUA Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.:

Realizados os requerimentos ás empresas incursoas en baixa, a empresa OCISAT S.L, non presenta xustificación da baixa, as empresas VIAQUA Gestión Integral de Aguas de Galicia S.A.U e EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L. presentan en prazo a documentación para a xustificación da baixa; que se remite á oficina técnica de obras e urbanismo municipal, e o arquitecto técnico municipal emite os informes nos que conclúe que na documentación presentada polas empresas **“VIAQUA Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U. e EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, SL queda xustificada a oferta económica presentada, non considerándose como unha oferta economicamente desproporcionada.**

A Xunta de Goberno Local en sesión do 4.02.21, **ACORDA:**

**“Primeiro.- Considerando que a empresa máis vantaxosa economicamente (factor prezo) é VIAQUA Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U; que presenta unha oferta de: Precio sin IVA: 41.875,77 Euros. IVE.- 8.793,91 euros. Prezo total: 50.669,68 euros, REQUERIR a dito licitador para que no prazo de DEZ DÍAS HÁBILES a contar dende o seguinte á aquel en que reciba a notificación, PRESENTE a documentación sinalada na cláusula 16.- Adxudicación; do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación; incluía a garantía definitiva (5% do importe de adxudicación, excluído o IVE; 2.093,79 euros); aos efectos de poder serlle adxudicada a obra.**

De conformidade co punto 16.2 do citado prego, de non cumplimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o proposto licitador retira a súa oferta procedendo a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte.

**Segundo.- Notificar o presente acordo a ” VIAQUA S.A.U”; a “EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ ” e OCISAT, S.L” para o seu coñecemento e efectos.”**

En data 22.02.21 (registro 202199900000267), a empresa VIAQUA, presenta a documentación requerida e examinada a mesma, considerándose correcta,

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** nesta sesión de 25.02.21:

**PRIMEIRO.- ADXUDICAR** a obra: **PROXECTO DE MELLORA NO SANEAMENTO DE LAGO** á empresa **CIF: A66141185 VIAQUA Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.** polo prezo sen IVE: 41.875,77 Euros. IVE.- 8.793,91 euros. **Prezo total: 50.669,68 euros** e con prazo de execución de **DOUS MESES**.

**SEGUNDO.-** Dispor do gasto na correspondente aplicación orzamentaria.

**TERCEIRO.-** Nomear coma Director de Obra e Coordinador de Seguridade e Saúde a José Manuel Saavedra Pantín, arquitecto técnico colexiado 978 COAATAC.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo á adxudicataria e requerirle para formalizar o contrato; e ao Director de obra para que exerza as súas funcións derivadas do designamento.

**QUINTO.-** Notificar tamén o acordo aos demais licitadores para o seu coñecemento e efectos e publicar a adxudicación.

VIA URXENZA

Pola proximidade da data do día da muller ratifícase a urxenza e inclúese o seguinte punto na Orde do Día

**.- INFORME PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN POLO “8 DE MARZO”**

**PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN POLO “8 DE MARZO: DÍA DA MULLER”**

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de aprobar o gasto asociado à programación de actividades socioeducativas do “8 DE MARZO: Día da muller”, coñecendo a existencia de crédito e visto o informe técnico da educadora social que se transcribe a continuación:

**“INFORME- PROPOSTA PARA A PROGRAMACIÓN DO 8 DE MARZO: DÍA DA MULLER**

*Iria García Martínez, Educadora Social do Concello, en relación ao programa municipal de igualdade e prevención de violencias machistas “Somos e Contamos”, dentro do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios e con revisión e acordo do equipo técnico do dito Departamento*

## **INFORMO**

1. *que a presente proposta está a coordinarse conxuntamente por persoal técnico dos Departamentos de Servizos Sociais e de Cultura, aínda que a xestión das actividades correspondentes a cada área tramitáronse por separado.*
2. *que o Concello de Valdoviño ven de desenvolver nos últimos anos diferentes actividades dentro da programación específica do “8 de marzo, Día da muller”, en relación ao programa municipal para a igualdade e prevención das violencias machistas “Somos e Contamos”. Esta programación trascende á conmemoración do propio día, planificándose actividades ao longo de todo o mes.*
3. *que as actividades están pensadas segundo as indicacións sociosanitarias que están vixentes por mor do COVID 19.*
4. *que a proposta está dirixida á comunidade en xeral, e de cara ás familias en particular.*
5. *que as actividades correspondentes ao Departamento de Servizos Sociais e o seu gasto asociado concrétese no seguinte:*

*- Difusión do manifesto (sen gasto asociado).*

*- Obradoiro- conversa: "MULLERES NA MADUREZ: emocións, corpo e sexualidade", a cargo da médica psiquiatra Iria Veiga Ramos (100 €).*

*- Obradoiro- conversa: “MEU CORPO MIÑAS REGRAS. Un acompañamento respectuoso da menstruación” a cargo de Sabela Maceira (Gabinete sexoloxía “Con mucho gusto”) (380€). Neste caso pode haber unha pequena variación no custo xa que estamos á espera de que envíen o orzamento completo que confirme a cantidade definitiva.*

*- Adquisición de 23 exemplares do libro “La regla mola. Si sabes cómo funciona” de Anna Salvia Ribera e Cristina Torrón Villata (328,9 euros)*

*- Adquisición de 23 exemplares do libro “Mulleres que (nos) dan que pensar” de África López Souto (483€).*

6. *que os gastos asociados ao Departamento de Servizos Sociais e para os que se solicita retención de crédito suman un total de 1291,9 euros.*

7. *que existe unha cantidade económica con motivo do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero correspondente ao ano 2021 que é presumible que poida usarse e axustarse a estas actividades para xustificar a dita subvención.*
8. *a selección das persoas que impartirán os obradoiros rexeuse por un criterio de especificidade técnica, requirindo un perfil profesional e formativo concreto para abordar as temáticas dos obradoiros. Para isto contactouse con ambas profesionais para coñecer a súa dispoñibilidade e o custo correspondente á súa participación.*
9. *que os exemplares dos libros encargaranse na librería Xeila por ser o único establecemento desas características que hai no Concello de Valdoviño.*

### **PROPOÑO**

*Aprobar o gasto e reter a cantidade económica correspondente á proposta do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios para a programación do 8 de marzo “Día da muller” por un importe total de 1291,9 euros, aboando as diferentes cantidades ás seguintes entidades:*

1. *Librería Xeila (46 exemplares): 811,9€*
2. *Sabela Maceira (Gabinete Con Mucho Gusto): 380€*
3. *Iria Veiga Ramos: 100€*

*Valdoviño, 25 de febreiro de 2021*

*Iria García Martínez*

*Educadora Social (Col. 3545)*

### **PROPOÑO:**

*á Xunta de Goberno Local a aprobación do gasto asociado à programación das actividades socioeducativas polo “8 de marzo: Día da Muller” por un importe total de 1291,9 euros e o correspondente pagamento ás persoas ou entidades ás que se contrata o material ou servizos.*

*Valdoviño, 25 de febreiro de 2021*

*Alberto González Fernández*

*O alcalde*

**A Xunta de Goberno Local aprobou, en votación ordinaria e por unanimidade, o gasto asociado á programación das actividades da proposta transcrita anteriormente**

**VIA URXENZA**

*Na necesidade de ter atendida a accesibilidade da veciñanza; aprobouse a urxenza e inclúese este punto na Orde do Día:*

## **.- PROPOSTA DE ADJUDICACION DO PLAN DE MOBILIDADE SOSTIBLE DO CONCELLO DE VALDOVIÑO**

Proposta de Alcaldía:

“A necesidade de contar cun Plan de Mobilidade é crucial nun intre no que o Concello está a desenvolver actuación de desenvolvemento urbano no marco da redacción do PXOM, así como vinculadas ó destino turístico do noso territorio, có obxecto de que a mobilidade e integración social sexan un factor importante na vida diaria das persoas.

Vista a proposta presentada pola empresa Estudio MMASA Muñiz Mas Alfaya SLP e unha vez analizada có arquitecto municipal.

Proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Conceder a Estudio MMASA Muñiz Mas Alfaya SLP a elaboración do Plan de mobilidade sostible do Concello de Valdoviño por un importe de 16.214,00 €, dezaseis mil douscentos catorce euros (IVE ENGADIDO9, cun prazo máximo de seis meses.

**Segundo.-** Notificar o presente acordo á interesada par ao seu coñecemento e efectos oportunos.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local, resolverá o que estime máis convinte.

Valdoviño, 25 de febreiro de 2021  
O Alcalde,  
Alberto González Fernández”

**A Xunta de Goberno Local aprobou en votación ordinaria e por unanimidade, conceder a Estudio MMSA Muñiz Mas Alfaya o plan de mobilidade.**

VIA URXENZA

Dada a necesidade de axilizar as relacións entre as institucións administrativas para o impulso do emprendemento económico.

## **.- CONVENIO ENTRE OS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA E VALDOVIÑO COA FINALIDADE DE SOLICITAR UNHA SUBVENCIÓN PARA A EXECUCIÓN DO “PROGRAMA DE VALORIZACIÓN DA PESCA SUSTENTABLE, E PARA IMPULSO DO EMPRENDEMENTO, PRIORITARIAMENTE NA TRANSFORMACIÓN, NO SECTOR PESQUEIRO NOS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA E VALDOVIÑO**

Proposta de Alcaldía:

“Có obxecto de abordar unha actuación conxunta entre os Concellos de Cedeira, Cariño e Valdoviño có seguinte obxecto e texto:



**Primeiro.-** Que ao concello de Cedeira como máxima institución cidadá deste municipio, correspóndenlle funcións de goberno e organización municipal da vila de Cedeira, incluíndo todas as actividades e eventos que contribúan a poñer en valor a cultura e as particularidades propias da veciñanza e das actividades que realizan, ostentando competencias de acordo co artigo 25.2 da Lei de Bases de Réxime Local en materia de promoción da cultura, mercados e lonxas e promoción do desenvolvemento turístico.

**Segundo.-** Que ao concello de Cariño como máxima institución cidadá deste municipio, correspóndenlle funcións de goberno e organización municipal da vila de Cariño, incluíndo todas as actividades e eventos que contribúan a poñer en valor a cultura e as particularidades propias da veciñanza e das actividades que realizan, ostentando competencias de acordo co artigo 25.2 da Lei de Bases de Réxime Local en materia de promoción da cultura, mercados e lonxas e promoción do desenvolvemento turístico.

**Terceiro.-** Que ao concello de Valdoviño como máxima institución cidadá deste municipio, correspóndenlle funcións de goberno e organización municipal da vila de Valdoviño, incluíndo todas as actividades e eventos que contribúan a poñer en valor a cultura e as particularidades propias da veciñanza e das actividades que realizan, ostentando competencias de acordo co artigo 25.2 da Lei de Bases de Réxime Local en materia de promoción da cultura, mercados e lonxas e promoción do desenvolvemento turístico.

**Cuarto.-** Que as tres partes se comprometen a solicitar e organizar conxuntamente a devandita actividade, fundamental e necesaria para a valorización dos recursos do mar e da pesca e marisqueo como actividades arraigados no territorio para a historia e fisionomía das vilas de Cedeira e Cariño e o marisqueo e o litoral para Valdoviño, ademais de promover accións de fomento do emprendemento durante as anualidades de 2021 e 2022.

En consecuencia, as partes asinantes, consideran axeitado facer operativa e recíproca a colaboración mediante o presente convenio para solicitar unha subvención para a organización do “Programa de valorización da pesca sustentable e para o impulso do emprendemento, prioritariamente na transformación, no sector pesqueiro nos concellos de Cariño, Cedeira e Valdoviño”.

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as canles de colaboración para solicitar unha subvención conxunta para o “Programa de valorización da pesca sustentable e para o impulso do emprendemento, prioritariamente na transformación, no sector pesqueiro nos concellos de Cariño, Cedeira e Valdoviño” a desenvolver nos anos 2021, 2022.

O proxecto contempla a realización das seguintes accións:

***Acción 1. Dirección do proxecto, gabinete de prensa e creación e xestión redes sociais***

*Neste proxecto realizarnase diferentes actuacións que requiren dunha coordinación e dirección continúa para o seu éxito. Así, prevese a contratación dun servizo de dirección e coordinación que traballe de maneira continúa durante todo o proxecto.*

*Elaboración de alomenos 6 notas de prensa, contacto cos medios para difusión e promoción do proxecto: entrevistas radio, etc.*

*Elaboración de perfís en alomenos 2 redes sociais para a difusión do proxecto, dirixidas a redireccionar aos seus visitantes á páxina web, onde poderán obter máis información.*

*Os perfís crearanse ao inicio do proxecto e manteranse activos durante a vixencia do proxecto.*

*Elaboración de contidos promocionais e informativos para redes sociais: elaboraranse un mínimo de 30 post para as redes sociais do proxecto.*

### ***Acción 2. Elaboración da imaxe e lema do proxecto.***

*Recollida de información de fontes secundarias e primarias para identificar os aspectos salientables e comúns dos territorios.*

*Creación dunha imaxe que aglutine eses aspectos elaboración dun lema para o fácil recoñecemento e identificación do proxecto e dos establecementos adheridos, e que conte cos logos corporativos necesarios, conforme á convocatoria dos GALP.*

*Xeración dun manual de identidade do proxecto, para facilitar o seu uso en cada un dos elementos de comunicación. Este manual incluírá, polo menos, os seguintes contidos: cores e tipografías empregadas, versións da imaxe do proxecto para o seu uso en diferentes formatos compatibles coas publicacións nas redes sociais, cos carteis promocionais dos establecementos, o material de difusión para regalar e os contidos nas diferentes webs municipais.*

### ***Acción 3. Deseño e creación da páxina web***

*Elaboración da páxina web específica do proxecto, onde iranse incluíndo os diferentes contidos de interese. Esta páxina web estará ligada ás páxinas web institucionais dos concellos participantes no proxecto, e os seus contidos estarán dirixidos a tres grupos de público:*

- a. Establecementos asociados ao proxecto, tanto peixerías como restaurantes.*
- b. Empresas ou persoas interesadas no asesoramento para o emprendemento e diversificación do sector da pesca.*
- c. Público xeral que queira estar informado nos temas da pesca de baixura e os negocios vinculados a ela do seu concello.*

*A web contará, entre outros contidos, con novas e información respecto ás diferentes actuacións desenvolvidas no marco do proxecto, así como con información necesaria para a promoción e desenvolvemento das súas diferentes fases.*

Os contidos que a páxina web debe conter, en relación a esta parte do proxecto deben ser, como mínimo os seguintes:

- a. *A pesca en datos no territorio: datos sectoriais para visibilizar a importancia da pesca no territorio: cifras de negocio, número de empresas, emprego xerado.*  
*Importante destacar o que supón a día de hoxe, pero tamén o que houbo (visibilizar que se trata de un territorio de importante tradición conserveira, que aínda mantén saberes e faceres (“coñecemento inmateral”) que otorgan unha vantaxe competitiva, e un vinculo afectivo-xeracional (tradición familiar) á hora de promover novas iniciativas deste tipo.*
- b. *Oportunidades de negocio: información sobre oportunidades de negocio detectadas e casos de éxito*
- c. *Recursos para a creación ou diversificación de empresas no sector do mar: información sobre fontes de financiamento, servizos de asesoramento empresarial- do proxecto e outros-, etc.*

#### **Acción 4. Deseño e maquetación dos soportes promocionais materiais**

*Realizarase o deseño e a maquetación cos contidos aportados dende outras accións para xerar material promocional en papel do proxecto.*

*Deseñaranse rollup, folletos, manteles, carteis e expositores.*

*En detalle:*

- a. *Rollup para as posibles presentación e xornadas informativas.*
- b. *Carteis e elementos distintivos para peixerías e establecementos de restauración:*

*Elaboración de carteis específicos do proxecto que servirán para identificar tanto ás peixerías que venden as especies de baixura seleccionadas no proxecto, como aos establecementos de restauración onde é posible degustar pratos ou tapas con estes ingredientes principais. Os carteis instalaranse nun mínimo de 10 establecementos en cada un dos concellos participantes no proxecto.*

- c. *Guía de receitas*
- d. *Folletos promocionais do proxecto para a súa entrega en peixerías e establecementos de restauración participantes.*

*Elaboración de folletos (dípticos ou trípticos) explicativos do proxecto e da importancia da pesca de baixura, que estarán a disposición dos clientes das peixerías e dos restaurantes dos concellos.*

- e. *Expositores de sobremesa para a súa colocación nos establecementos participantes no proxecto.*

### **Acción 5. Fotografía e vídeo**

Realizáranse diferentes fotografías e vídeos de curta duración para a mellor difusión do proxecto. As fotografías e vídeos realizáranse tanto para acción promocional como para acción de estímulo ao emprendemento. Así, fotografáranse especies, pratos e establecementos participantes. E realizáranse vídeos a persoas que dean testemuña tanto da pesca sostible como das oportunidades de emprendemento no sector.

### **Acción 6. Vídeo - Infografías**

Realización de 3 pezas audiovisuais animadas explicativas, co obxectivo de promover a sensibilización e difusión da información do proxecto entre distintos públicos obxectivos:

- a. poboación local: 1 peza enfocado á visibilización e valorización dos oficios, especies e datos sectoriais...),
- b. posibles emprendedores/diversificadores: 2 pezas, enfocadas a
  - información sobre tendencias de mercado, oportunidades de negocio xerais detectadas, principais apoios e liñas de financiamento...
  - Presentación de casos de éxito: presentación de “empresas tipo” das oportunidades de negocio detectadas, cos elementos diferenciáis ou claves de éxito en cada, que sirvan de inspiración.

Os contidos do traballo/metodoloxía, comprende: Elaboración do guión (idea, redacción de textos), storyboard (deseño da historia, personaxes...), animación e postproducción.

### **Acción 7. Impresión dos soportes promocionais**

Os materiais deseñados na acción 4 imprimíranse en papeis e tintas de baixo impacto no medio ambiente.

### **Acción 8. Campaña de valorización da pesca sostible: oficios e produtos**

#### **a. Determinación das especies obxectivo da promoción no proxecto.**

Investigación e busca de información primaria (a través de entrevistas) e secundaria (a través de bibliografía e información contratada na rede) sobre as especies da pesca de baixura e do marisqueo nos concellos participantes.

Identificación das 12 especies máis relevantes na pesca de baixura desenvolvida nos concellos participantes no proxecto.

#### **b. Definición da guía de receitas das especies seleccionadas.**

Contacto cos restaurantes e cociñeiras e cociñeiros máis relevantes dos concellos de Cariño, Cedeira e Valdoviño para solicitar a súa participación na guía de receitas. Reparto das especies de baixura para a preparación das receitas por parte de cada participante.

#### **c. Deseño, xestión e desenvolvemento do “Mes da PESCA DE COSTA” en establecementos de restauración dos concellos.**

Contacto cos establecementos de restauración dos concellos para presentar a idea de dedicar dous meses ao ano á realización de pratos cuxo ingrediente principal sexa algunha das especies de pesca de baixura seleccionadas.

Decidirase de maneira conxunta cos establecementos se a oferta farase nas fins de semana ou tamén nos días de diario, e planificarase un calendario por especie, concello e restaurante. Buscarase en todo momento a súa implicación na difusión dos beneficios da pesca de baixura, e teranse en conta as súas aportacións para mellorar a actuación.

### **Acción 9. Impulso do emprendemento, prioritariamente na transformación**

#### **a. Definición de contido estratéxico:**

Traballo de consultoría para o estudo, recompilación e revisión dos contidos estratéxicos do proxecto, a partir dos cales se detectan as oportunidades de negocio (para o emprendemento ou diversificación empresarial), a elaboración da información sectorial que visibilice a importancia da pesca, e outras actividades empresariais relacionadas co sector do mar, nos tres concellos, e a detección de casos de éxito empresarial noutros territorios para cada una das oportunidades de negocio ou diversificación detectadas: empresas exitosas na transformación de produtos do mar: conservas, produtos de 5º gama, preparados alimenticios para bebés, procesados...), aproveitamento doutros produtos do mar: algas, envasado de auga mariña..., acuicultura, comercialización...

Inclúe 3 tipos de accións/contidos:

- a. Detección de Oportunidades de negocio nos tres concellos
- b. Elaboración de información sectorial para a visibilización da importancia da pesca nos tres concellos: facturación, numero de empregos xerados, etc... e comparativa con outras zonas
- c. Detección de actividades empresariais que supoñan casos de éxito para cada una das oportunidades detectadas, cos que se contactará para as xornadas de sensibilización e para as visitas da fase de asesoramento.

#### **b. Xornadas de difusión e sensibilización:**

Dentro do proxecto, desenvolveranse un total de **6 xornadas, 2 por Concello**, relacionadas co emprendemento e a diversificación da actividade pesqueira.

A primeira destas xornadas a celebrar en cada Concello irá enfocada a difundir e dar a coñecer o proxecto que se está levando a cabo nos tres Concellos. Darase a coñecer cal é o obxectivo que se pretende acadar con el e as diferentes actuacións que se desenvolverán. Nesta xornada farase chegar aos interesados/as o peso que ten o sector pesqueiro tanto económico, laboral e social, no territorio. E polo tanto difundiranse entre os/as asistentes as diferentes oportunidades de negocio e de diversificación que ofrece o sector e que están sendo desaproveitadas, facendo fincapé no ámbito da transformación.

Nunha segunda xornada, celebrada en cada un dos Concellos, farase unha presentación aos/as asistentes de cales son as oportunidades de negocio detectadas no territorio e dentro

do sector pesqueiro, principalmente no ámbito da transformación. E farase unha presentación aos/as asistentes de aqueles negocios que son boa práctica no sector, tanto no ámbito da transformación como noutros que fan diversificar o negocio, e que pola súa singularidade e características son actividades que teñen cabida no territorio obxecto do proxecto. Poñerase en coñecemento nesta xornada como noutros territorios estase a aproveitar as oportunidades que a actividade da transformación dos produtos do mar está dando tanto a negocios do sector en activo como a novos negocios que xorden.

**c. Visitas a empresas exemplo de boas prácticas: (transformación e diversificación)**

Para que os/as emprendedores/as ou as persoas que teñan un negocio dentro do sector e queiran diversificar a súa actividade poidan ter información directa de negocios que veñen sendo boa práctica, levaranse a cabo **4 visitas a empresas** previo contacto cos/as responsables das mesmas. Para a organización destas visitas contactarase cun público obxectivo mínimo de 30 persoas para chegar a 15 interesados/as en realizar a visita as empresas.

**d. Talleres de asesoramento cara o emprendemento:**

Unha vez desenvoltas estas dúas xornadas e realizada a visita as empresas exemplo de boa práctica dentro da transformación, diversificación etc, no sector pesqueiro, abrirase un tempo para que aquelas persoas interesadas en emprender unha actividade relacionada co sector pesqueiro, coa transformación ou coa diversificación do seu negocio, poidan acollerse a titorías de asesoramento en emprendemento de forma personalizada.

O obxectivo destas titorías é ofrecer un acompañamento técnico necesario para poder comezar a poñer en marcha a idea de negocio, e que versarán sobre a definición da idea de negocio, elección da forma xurídica, análise da viabilidade da actividade, identificación de potenciais clientes, desenvolvemento do plan de negocio, cálculo do prezo, como dar a coñecer o produto, financiación da iniciativa, etc

Para desenvolver o asesoramento personalizado en emprendemento, realizaranse un total de **12 titorizacións** a emprendedores ou persoas en activo que que estean interesadas en diversificar a súa actividade. Estas titorizacións constarán de **4 sesións por titorizado** e os seus contidos a tratar nas titorías dependerán do estado de maduración no que se atope a idea de negocio ou de diversificación, para poder así adaptarse as necesidades de cada asesorado/a.

**Segunda.- Actuación das partes.**

A colaboración que inspira a presente acordo farase efectiva mediante o desenvolvemento das accións consistentes en organizar e xestionar o proxecto.

As partes comprométense a respectar as normas da convocatoria da subvención aprobadas mediante *Orde do 21 de Decembro de 2018* polas que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP), aprobadas aos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro

para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo e Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2021, 2022.

Na difusión de todas as accións que se poñan en marcha para o desenvolvemento do presente convenio (publicidade, comunicación, información, folletos, etc.) figurarán, de forma expresa, os nomes e os logotipos do Concello de Cedeira, de Cariño e Valdoviño, Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro A Mariña- Ortegal (GALP), Xunta de Galicia, Consellería do Mar e Unión Europea- Fondo Europeo e Marítimo e de Pesca (FEMP).

### **Terceira.- Compromisos das partes.**

Cada unha das partes será a encargada de contratar, xestionar e aboar os gastos que lle corresponden segundo o convenio, respectando a normativa de contratación aplicable e ás bases da convocatoria da subvención.

#### **O Concello de CEDEIRA comprométese ao seguinte:**

1. Será o encargado de solicitar a subvención conxunta ao GALP.
2. Solicitar os permisos e autorizacións que sexan necesarios para efectuar as actuacións previstas no convenio.
3. Asume a organización, cobramento de ingresos e xestión e pagamento dos gastos que lle corresponden según a táboa reflectida nesta cláusula.

#### **O Concello de CARIÑO comprométese ao seguinte:**

1. Asume a organización, cobramento de ingresos e xestión e pagamento dos gastos que lle corresponden según a táboa reflectida nesta cláusula.

#### **O Concello de VALDOVIÑO comprométese ao seguinte:**

1. Asume a organización, cobramento de ingresos e xestión e pagamento dos gastos que lle corresponden según a táboa reflectida nesta cláusula.

Táboa de gastos

	2021			2022			
	Cariño	Cedeira	Valdoviño	Cariño	Cedeira	Valdoviño	
1 Dirección do proxecto, gabinete de prensa e creación e xestión de redes sociais.	4.000,00 €	4.000,00 €	4.000,00 €	4.000,00 €	4.000,00 €	4.000,00 €	
2 Elaboración da imaxe e lema do proxecto		4.000,00 €					
3 Deseño e creación de páxina web					4.500,00 €		
4 Deseño e maquetación dos soportes promocionais materiais				5.500,00 €			
5 Fotografía e vídeo				3.000,00 €	4.000,00 €	3.000,00 €	
6 Vídeo - infografías						4.500,00 €	
7 Impresión de soportes promocionais				4.000,00 €	4.000,00 €	4.000,00 €	
8 Campaña de valorización da pesca sostible				7.000,00 €	7.000,00 €	6.000,00 €	
9 Impulso ao emprendemento, prioritariamente na transformación				7.000,00 €	7.000,00 €	6.000,00 €	
	4.000,00 €	8.000,00 €	4.000,00 €	30.500,00 €	30.500,00 €	27.500,00 €	sen iva
	<b>4.840,00 €</b>	<b>9.680,00 €</b>	<b>4.840,00 €</b>	<b>36.905,00 €</b>	<b>36.905,00 €</b>	<b>33.275,00 €</b>	<b>ive engadido</b>
						<b>126.445,00 €</b>	<b>ive engadido</b>

### Resumo por concello

	2021	2022	SUMA
<b>Cariño</b>	4.840,00 €	36.905,00 €	41.745,00 €
<b>Cedeira</b>	9.680,00 €	36.905,00 €	46.585,00 €
<b>Valdoviño</b>	4.840,00 €	33.275,00 €	38.115,00 €
			<b>126.445,00 € iva engadido</b>

Cada unha das partes non será responsable dos gastos que correspondan ás outras.

O Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) será subvencionable.

As subvencións serán ingresadas a cada unha das partes, segundo os gastos elixibles que foran aceptados.

### Cuarta.- Vixencia.

A duración deste convenio será de dous anos, a contar dende a data da súa sinatura, ate o 31 de decembro de 2023, ou se dea por terminado en calquera momento por acordo entre as partes, previa comunicación polo menos dun mes de antelación, ou por causa de forza maior.

### Quinta.- Comisión Mixta de Seguimento.

Constitúese unha Comisión Mixta para o seguimento deste convenio, conformada por:

- Alcalde do Concello de Cedeira ou Concelleiro/a en quen delegue.



- Un/unha empregado/a que se designe do Concello de Cedeira.
- Alcalde do Concello de Cariño ou Concelleiro/a en quen delegue.
- Un/unha empregado/a que se designe do Concello de Cariño.
- Alcalde do Concello de Valdoviño ou Concelleiro/a en quen delegue.
- Un/unha empregado/a que se designe do Concello de Valdoviño.

Esta Comisión exercerá principalmente as seguintes funcións:

- Consenso dos plans de traballo e accións específicas a realizar.
- Interpretación e resolución de cantas dúbidas e conflitos se formulen na interpretación do presente convenio e a súa aplicación.
- Vixilancia e seguimento do seu cumprimento.
- Aquelas outras que, ao efecto, se lle encomenden.

#### **Sexta. Natureza do acordo.**

Este acordo ten natureza administrativa, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ao abeiro do disposto no seu artigo 6.

#### **Sétima.- Causas de resolución.**

Son causas de resolución do presente convenio os seguintes:

1. incumprimento por calquera das partes das súas cláusulas.
2. A alteración substancial das condicións que propiciaron a súa celebración.
3. Por resultar inviable a realización das actuacións descritas neste acordo por causas non imputables ás partes.
4. O acordo das partes.

Proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** A probar a sinatura do *“CONVENIO ENTRE OS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA E VALDOVIÑO COA FINALIDADE DE SOLICITAR UNHA SUBVENCIÓN PARA A EXECUCIÓN DO “PROGRAMA DE VALORIZACIÓN DA PESCA SUSTENTABLE, E PARA IMPULSO DO EMPRENDEMENTO, PRIORITARIAMENTE NA TRANSFORMACIÓN, NO SECTOR PESQUEIRO NOS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA E VALDOVIÑO”* arriba transcrito

**Segundo.-** Notificar o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local, resolverá o que estime máis convinte.

Valdoviño, 25 de febreiro de 2021  
O Alcalde,  
Asdo.: Alberto González Fernández”

**A Xunta de Goberno Local aprobou, en votación ordinaria e por unanimidade, a firma do Convenio entre os Concellos de Cariño, Cedeira e Valdoviño.**

PARTE ACTIVIDADE

### **3º.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PARA A SEGURIDADE DO COVID-19.-**

Asistentes:

Alberto González Fernández - Presidente  
Rosa Ana García López  
Sergio Saavedra Gutiérrez  
Jessica Sabín Fernández  
Alejandro Antonio García Sousa (videoconferencia).

Vista a actual situación da pandemia estase á espera da publicación no día de hoxe do novo decreto no que se adoptarán medidas de desescalada.

### **4º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo rogos e preguntas

Sen ningún outro asunto a tratar , sendo as dez horas e vinte minutos a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente , e coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

*Documento asinado dixitalmente á marxe pola Secretaria Municipal e polo Alcalde*